



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE XANEIRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezanove de xaneiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de xaneiro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de xaneiro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, resolución do presidente da Deputación, respecto das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 10, do 18 de xaneiro de 2021).

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, resolución do presidente da Deputación, respecto das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 10, do 18 de xaneiro de 2021).

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, resolución do presidente da Deputación, respecto das bases reguladoras do

programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021 (Boletín Oficial da Provincia número 10, do 18 de xaneiro de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 8 ao 14 de xaneiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 13/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 44/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
13/2021	08-01-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
16/2021	08-01-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de xaneiro de 2021
17/2021	08-01-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCES
18/2021	08-01-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MAML
19/2021	08-01-2021	Ampliación de servizos prestados no Punto de Información Catastral
20/2021	08-01-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados no baixo da edificación sita en Amil, Cambre, consistentes na construción dunha cheminea e a colocación dunha antena. Propiedade: CAG e JRR
21/2021	08-01-2021	Reposición legalidade urbanística pola colocación dun tendal de aluminio na fachada lateral da planta primeira da edificación sita en Amil, Cambre. Propiedade: JRR e MBPV
22/2021	08-01-2021	Reposición legalidade urbanística pola colocación dun tendal de aluminio na fachada lateral da edificación sita en Amil, Cambre, na planta segunda. Propiedade: JJCM e NLiG
23/2021	08-01-2021	Reposición legalidade urbanística por colocación e queixas polo nivel sonoro de bomba de calor en rúa Castellana, Cambre. Propiedade FJL S
24/2021	08-01-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: IRG
25/2021	12-01-2021	Aprobación da solicitude de subvención para a contratación de MVVX
26/2021	12-01-2021	Nomeamento interina auxiliar Servizos Sociais para cobertura I.T. SS
27/2021	13-01-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
28/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados na



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		finca sita en Aldea, na parroquia de Andeiro, consistentes na reforma e ampliación dun galpón existente. Propiedade: Hdros de CGD
29/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras de substitución de cuberta na edificación sita en San Paio,25,parroquia de Brexo, sen comunicación previa. Propiedade: GQR
30/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística por obras de substitución do revestimento da cuberta, non axustándose á comunicación previa presentada (2020/U026/000190). Propiedade: MJMM
31/2021	13-01-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Lendoiro, Cecebre. Solicitante UFD DE, S.A.
32/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística pola colocación dun poste do tendido aéreo sen título habilitante en Espiñeiro- Brexo a UFD DE
33/2021	13-01-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita na rúa Pintor Pablo Manzano, Cambre. Solicitante: UFD DE, S.A.
34/2021	13-01-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
35/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dun galpón de 9 x3 m ² cunha cuberta a unha auga con pezas de panel ondulado de cor tella, en Picardos, parroquia de Anceis. Propiedade: EJFRH
36/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística 07/37/06 por construción de muro en finca sita en Picardos, Anceis. Propiedade: ERH
37/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en Volteiro, Cecebre, consistentes en construción dun peche, un invernadoiro e reformar o baixo da vivenda existente. Propiedade: JMNC e AGV
38/2021	13-01-2021	Reposición legalidade urbanística por obras efectuadas en edificación sita en Fontenla, Pravio sen licenza concedida ou comunicación previa presentada consistentes na colocación dunha cheminea. Propiedade: DRB e herdeiros de ASM
39/2021	13-01-2021	Provisión mediante comisión de servizos de dúas prazas de axente da Policía Local
40/2021	14-01-2021	Aprobación xestión padroal do mes de agosto de 2020
41/2021	14-01-2021	Concesión de bonificación da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa (4º trimestre 2020)
42/2021	14-01-2021	Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (4º trimestre 2020)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

43/2021	14-01-2021	Convocatoria concurso para lista de técnicos financeiros interinos
44/2021	14-01-2021	Contratación becario enxeñeiro camiños, canles e portos seleccionado de acordo coa proposta tribunal e Convenio asinado coa Fegamp e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia